

VALDEORRAS, ESA DIMENSIÓN GALEGA DESCOÑECIDA.

Valdeorras é a miña terra. Terra de bo viño e xente estupenda que dá o que ten aos que a visitan, pero como é unha zona do interior, sen praias e lonxe do que é o centro de Galicia, permanece un pouco á marxe.

Ten ese aspecto intimista dos sitios protexidos polas montañas e busca o tacto dos irmáns sempre que pode. Nós, os seus habitantes, apreciamos moito a proximidade física do Bierzo ao que nos sentimos moi vencellados (estas cousas son típicas das zonas limítrofes). Ben, ata aquí todo é "normal", porén, hai algo nesta terra que non marcha ben e que deberíamos mellorar: a cultura.

Como en moitas zonas afastadas de Santiago e A Coruña, as asociacións culturais cínguense aos mesmos de sempre e bótase en falta un pouco de vangarda tanto na literatura como noutras artes. Digamos que existe un gusto pola tradición e o culto á memoria colectiva do noso val que impide a chegada da arte máis moderna que está a triunfar no resto de Galicia. Ás veces parece como se nos quixeran meter o pasado á forza pola boca para fagocitalo ben e sermos máis cultos e saber todo dos nosos ancestros, eses habitantes da antiga Cigurria, que crearon unha pequena cidade no paso da Vía XIX que comunicaba Braga con Astorga ... Isto é moi interesante, porque non cabe dúbida de que nós somos todos os megabytes da memoria e negar esta evidencia sería de necios, e en Valdeorras non somos tan inxenuos como para pensar algo así. Sabemos do valor das tradicións e da historia pero queremos facer tamén historia dende o presente, crear algo novo, participar das novidades e alimentar a nosa alma delas para xerar máis xente con talento, con perspectivas diferentes das habituais. Non queremos realizar máis viaxes ao século dezanove e ás metáforas automatizadas, posrománticas e pouco efectivas dunha Galicia en castelán que non nos representa para nada; queremos protesta, queremos aire fresco, queremos poesía libre de ataduras rancias, queremos modernidade porque moitas veces temos a sensación de que vivimos nun mundo artificial, nun mundo instalado na comodidade do pasado.

Porén, como no "Mundo feliz" de Aldous Huxley, neste constructo prefabricado e xordo que nos impoñen, alguén fixo algo diferente para todo Valdeorras e tivemos, grazas a esta persoa e ao seu esforzo e ilusión, unha exposición de fotografía de vangarda na sala de exposicións de Sargadelos, no Barco.

O título desta exposición?: ICONOS.

Os artistas?: Fran Hervello, Xulio Correa, Xoán Piñón, Xosé Lois Suárez Canal, Vari Caramés, Víctor Nieves, Manuel Cendón, Xurxo Lobato, etc.

A intención? Dar a coñecer o discurso da arte máis posmoderna da Galicia actual e crear unha plataforma de apoio aos novos valores.

O comisario desta exposición? Víctor Nieves.

As dificultades? Moitas

O mérito de Víctor? Enorme.

Por primeira vez fomos noticia en Vieiros, Galicia Hoxe, O Correo Galego e mesmo no ABC. Así que, por unha vez, Valdeorras estivo no gume do coitelo artístico e contou para o resto do territorio galego. Isto fainos tan felices que queremos máis cultura, máis poesía, máis teatro e máis cinema galego de vangarda.

O meu desexo? Levar as yolandas, enmas, lucías, antías, lopes, olallas, marías pola miña terra para amosar unha poética de mulleres que transgride un pouco e na que a muller é suxeito lírico, parte activa na *poiesis*. Pero tamén quedería, dende logo, dar a coñecer aos poetas homes todos eses que conformaron o Batallón Literario como Modesto Fraga, Rafa e Miro Villar, Estevo Creus e tantos outros.

Para que todo Valdeorras saiba o que se está a facer na poesía hoxe e rachemos as túnicas do pasado que tan illados nos teñen.